



Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa

BASES X EDICIÓN CONCURSO DE DISFRACES POLOS BARES ASOCIADOS A A.E.C.A.

(ENTROIDO 2025)

1ª. A **Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa** con motivo da celebración do Entroido convoca o **X CONCURSO DE DISFRACES** que terá lugar polos bares asociados inscritos e terá lugar dende o sábado **1 de marzo ás 18h. ata o domingo 2 de marzo ás 24:00 h.**

2ª. Poderá participar calquera persoa maior de idade, ou menor acompañado dun adulto. **Os participantes deberán acudir disfrazados** a algún dos locais asociados inscritos no prazo establecido e en calidade de clientes, os cales terán dereito á **degustación dunha tapa** pola consumición no horario habitual dos aperitivos do mediodía ou pola tarde-noite.

O listado de bares asociados inscritos poderá consultarse no blog da páxina www.aecomarcadearzua.com

3ª. Estando **no interior dun local** inscrito os clientes participantes terán que fotografiarse de modo que se amose ben o disfraz e se recoñeza cal é o bar asociado, para logo **colgar a imaxe en algúnha das seguintes redes sociais a partires das 18h. do sábado 1 e antes do lúns 3 de marzo:**

Facebook: **Aeca Asoc Empresarios**

Instagram: **@asoc_empresarios_aeca**

Para participar será imprescindible etiquetarse nalgún de estos perfís de AECA e **nomear ou rexistrar a visita no local** no que se atopen os participantes en tempo real. Pódese etiquetar ao hostaleiro/a ou ben utilizar o hashtag # co nome do bar onde se fixo a foto participante.

Así mesmo, os participantes deberán **indicar na publicación o nome co cal se queren dar a coñecer para a súa identificación no Concurso.**

4ª. Nesta X Edición do Concurso, para procurar un fallo xusto e obxectivo, non contabilizarán os me gustas do xurado popular nas redes sociais; **o xurado estará formado unicamente polo comité de hostaleiros asociados a AECA**, quenes determinarán os gañadores en cada unha das tres categorías que se establecen a continuación, e o seu fallo será inapelable:

Modalidade 1: individual ou parella (1 ou 2 persoas participantes)

Modalidade 2: grupo (3 - 5 persoas participantes)

Modalidade 3: comparsa (+ 5 persoas participantes)

O fallo do xurado do sector hostaleiro coñecerase o martes de Entroido, facéndose público nas redes sociais de AECA o nome dos gañadores de cada categoría e cando chegue o momento faranse tamén públicas as imaxes da entrega dos premios.

5ª. Haberá 3 premios en xogo e os gañadores obterán os seguintes **premios según a modalidade:**

◆ **Categoría individual ou parella:** 1 bono de 100€ para desfrutar na hostalería asociada a A.E.C.A. por xentileza de Estrella Galicia + 1 lote de dous botellóns de viño 22 Pies D.O.Ca Rioja, por xentileza de Distribuciones Penas.

◆ **Categoría grupo:** 1 bono de 300€ para desfrutar na hostaleira asociada a A.E.C.A. por xentileza de Estrella Galicia + 1 lote de seis botellas de viño Mencía Mil Ríos D.O. Valdeorras, por xentileza de J.V. Distribucións.

◆ **Categoría comparsa:** 1 bono de 600€ para desfrutar na hostalería asociada a A.E.C.A. por xentileza de Estrella Galicia e 1 súper lote de cervexas e produtos promocionais de Estrella Galicia.

6ª. **Unha mesma persoa non poderá participar en ambas modalidades.** E tan só se terá en conta **unha fotografía por cada participación;** que deberá estar etiquetada na biografía ou perfil **Aeca Asoc Empresarios** de Facebook ou ben en **@asoc_empresarios_aeca** de Instagram.

7ª. Así mesmo **AECA resérvase o dereito de declarar premios desertos** por falta de calidade nos disfraces ou por incumprimento das bases. A organización poderá tomar calquera decisión con respecto as presentes bases de xurdir algunha dúbida ou cuestión.

9ª. Será necesaria a recollida de datos persoais para levar a cabo o concurso e a operativa da entrega dos premios, respetando a normativa aplicable en materia de Protección de Datos de carácter persoal. Os titulares dos datos proporcionados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición remitindo un escrito acompañado dunha fotografía do seu DNI, dirixido á Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa (AECA), con enderezo no Polígono Industrial de Arzúa, parcela 1, 1º. 15810 Arzúa (A Coruña), coa referencia -"Protección de Datos" X Concurso de disfraces polos bares asociados a AECA-.

10ª. A participación neste concurso implica a total aceptación de éstas bases depositadas en A.E.C.A.